

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 30 de xaneiro de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción da senda na AC-424, puntos quilométricos (pp.qq.) 1+150-1+400 (O Couto), de clave AC/19/073.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto de referencia.*

Antecedentes:

Mediante a Resolución da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas do 30 de xaneiro de 2020 aprobouse provisionalmente o proxecto de construción da senda na AC-424, pp.qq. 1+150-1+400 (O Couto), de clave AC/19/073.06.

O artigo 6.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e o artigo 12.2 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, determinan que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñan a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta Galicia elaborou a Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, entre cuxos obxectivos está o fomento dos sistemas de transporte alternativos aos motorizados que permitan minimizar as repercusións sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos.

Este proxecto ten por obxecto a execución dunha senda peonil e ciclista continua por ambas as marxes da estrada AC-424, que fomente a mobilidade alternativa, mellore a seguridade viaria na contorna do núcleo do Couto e continúe a senda existente desde o núcleo de Ponteceso ata o p.q. 1+140, coas seguintes características:

1. Senda da marxe dereita da AC-424: inicia no p.q. 1+100 ata o 1+380.
2. Senda da marxe esquerda da AC-424: inicia no p.q. 1+140, dá continuidade á senda existente e remata no p.q. 1+378.

O escaso espazo dispoñible e a necesidade de executar a senda por ambas as marxes (por estaren ambas densamente poboadas) supón que se teñan que executar as seguintes actuacións complementarias:

1. Estreitamento da calzada existente na travesía do Couto: redúcese de 7 m a 6 m, mantendo as beirarrúas de 0,5 m.



2. Canalización da drenaxe da calzada e das marxes mediante un colector baixo as sendas.

3. Redución do largo das sendas ata os 1,5 m (1,2 m onde sexa necesario) para evitar a afección a vivendas e/ou peches con protección arquitectónica.

Outras actuacións complementarias para executar son:

1. A revisión da sinalización na contorna do p.q. 1+490 e da curva posterior.

2. A execución de zonas para aparcamento de vehículos na marxe dereita, entre os pp.qq. 1+300 e 1+340.

3. Reforzo do firme coa renovación da rodadura na zona de travesía, entre os pp.qq. 1+090 e 1+550.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

#### RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de trazado sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, se somete á información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.



Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas da Coruña (rúa Vicente Ferrer, 2, 15008 A Coruña), na Casa do Concello de Ponteceso (Concello 18, 15110 Ponteceso, A Coruña). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ([https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV\\_Axencia\\_Galega\\_de\\_Infraestruturas](https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas)), atópase á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago Compostela, 30 de xaneiro de 2020

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega Infraestruturas

CVE-DOG: ryakvoo2-4gb3-i2w5-aoa7-f546zzzpoccc4





ANEXO  
Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción da senda na AC-424. pp.qq. 1+150-1+400 (O Couto), de clave AC/19/073.06

Concello de Ponteceso

Nº de orde	Ref. catastral	Titular	DNI	Tipo solo (PXOM)	Sit. básica solo	Uso	Sup. construída	Sup. predio	Sup. expropiada	Bens expropiados		
										Med.	Ud.	Descrición
1	7285514NH0878N0001JS	Cerdeiro Suárez, Eliseo (50 %)	***3612**	Urbano	Urbanizado	Solo sen edif. obras urb. xardinaría, constr. ruínosa	---	725,00 725,00	37,92			
		Lema Pérez, María (50 %)	***3377**									
2	728610NH0878N0001OS	Cancela Souto, Mercedes (hros. de)	***9139**	Urbano	Urbanizado	Solo sen edif. obras urb. xardinaría, constr. ruínosa	----	123,00	3,96			
3	7287306NH0878N0001BS	Pondal Rial, María	***0500**	Urbano	Urbanizado	Residencial	333	874,00 874,00	82,24	1	Ud	Portalón metálico con piares
										34,3	MI	Muro de pedra
4	7188512NH0878N0001XS	Varela Figueiras, Ramón (hros.)	***4573**	Urbano	Urbanizado	Residencial	210	380,00	11,80			
5	7087501NH0878N0001XS	Souto Mato, Manuel (50 %)	***1498**	Urbano	Urbanizado	Residencial	212	1.039,00 1.039,00	5,02	46,5	MI	Peche vexetal
		García Martínez, Mª Asunción (50 %)	***3813**									